

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A HERMANDAD GALLEGA DE VALENCIA PARA O ESTABLECIMENTO DUN PUNTO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO EN VALENCIA, VENEZUELA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Hermandad Gallega de Valencia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e a Hermandad Gallega de Valencia para o mantemento dun punto de información e asesoramento social e ademais colaborar na difusión e xestión dos programas e actividades que desenvolve anualmente a Secretaría Xeral da Emigración, especialmente os de carácter socio asistencial.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Hermandad Gallega de Valencia en Venezuela é unha entidade sen ánimo de lucro, inscrita como comunidade galega no Rexistro da Galeguidade. Agrupa actualmente a preto de 1.200 persoas galegas ou de orixe galega, representativas da importante comunidade galega residente nesa cidade, un colectivo potencialmente susceptible de ser beneficiario dos programas e actividades levadas a cabo pola Secretaría Xeral da Emigración.

Ambas as partes coinciden en que é necesario chegar a esta poboación para que coñeza o contido das accións das que pode beneficiarse, especialmente daquelas de carácter socio asistencial, dado que o actual contexto económico que se vive no país fai que moitas destas persoas se atopen en situación de carencia e, por descoñecemento, non solicitan participar nos ditos programas.

A Secretaría Xeral da Emigración está interesada en establecer un punto de información social en Valencia para divulgar, asesorar e informarlle á comunidade galega que alí reside sobre os programas e as actividades que a administración autonómica desenvolve e para asistir ás persoas interesadas na tramitación administrativa precisa para acceder a eles. A Hermandad Gallega de Valencia conta con infraestrutura suficiente para albergar un punto de información social e está disposta a realizar ese labor.



A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea, ademais de ser a única entidade destas características existente en Valencia, para o outorgamento dunha axuda de carácter singular que non se enmarca dentro da súa actuación xeneralizada de axudas, polo que non é posible promover a concorrencia pública, ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

A Secretaría Xeral da Emigración achegará para o financiamento dos gastos derivados do desenvolvemento das accións recollidas neste convenio un total de sete mil euros (7.000€), con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, código de proxecto 2015 00039, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

